

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS E  
ECONÓMICAS

PARA A EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA  
DA LONXA DE TESTAL EN NOIA.

EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE  
SERVIZOS

Noia a 6 de xuño do 2018

# INDICE

- 1.- Xeralidades
- 2.- Documentación a presentar.
- 3.- Procedemento de adxudicación e prazos.
- 4.- Descrición dos servizos a prestar.
5. Zonas de prestación dos servizos.
6. Prezo do arrendamento.
- 7.- Compromiso e obrigas do arrendatario.
- 8.- Dereitos do arrendatario.
- 9.- Garantías e seguros.
- 10.- Rescisión do contrato.
- 11.- Adxudicación.

## 1. Xeralidades.

O obxecto do presente prego e a definición das condicións que rexirán para a presentación de ofertas e a presentación de servizos de restauración e cafetería a realizar no local destinado aos efectos na lonxa de Testal, regulando xunto coa documentación que se adxunta, a forma de materializalas propostas por parte dos ofertantes e o posterior contrato a concertar entre o adxudicatario e a Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia.

## 2. Documentación a presentar:

- A proposta técnica e económica. Este documento no que se especifica o coñecemento e aceptación do contido do Prego de condicións, reflectirá a proposta económica detallada da súa oferta, coas particularidades de servizo a prestar e as posibles melloras concebidas polo/a concursante e presentarse debidamente cumprimentado e asinado.
- Currículum empresarial do solicitante, definición de postos de traballo a cubrir, organigrama e plantilla, así como indicación dos medios que poida aportar e definición dos servizos que prestará.
- Documentación acreditativa da personalidade xurídica o física, ou no seu caso, representación legal, con declaración expresa de encontrarse ao corrente en todas as súas obrigas , tanto administrativas como fiscais e tributarias.
- Calquera outra documentación que considere convinte aportar e poidan servir para a adxudicación, premios, mencións, certificados de calidade, diplomas...
- Documento de compromiso recollido no ANEXO III.

### 3.- Procedementos de adxudicación e prazos.

O sistema de contratación efecturase mediante prodemento negociado.

Para acceder á contratación deberá presentarse polo interesado/a proposta en sobre pechado, a cal deberá recibirse antes do día 15 de Xuño do 2018 ás 14:00 horas nas oficinas da Confraría:

Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia

Avda. República Argentina, 21 Baixo

15200 Noia. A Coruña

Calquer aclaración durante o concurso poderá realizarse ben por escrito, teléfono ou persoándose nas oficinas da Confraría.

### 4.- Descrición dos servizos a prestar.

Os servizos de explotación da cafetería tendrán lugar dende a sinatura do contrato ata o 30/06/2019 prorrogable por 5 anos, vinculada á concesión ou prórroga ante Portos de Galicia da actividade da lonxa por parte da Confraría de Pescadores de Noia.

Este período poderá ser prorrogado , por iguais períodos por acordó das partes.

Para o que o adxudicatario das normas e condicións detalladas no contrato, así como a calidade e esmero no servizo e o estricto cumprimento das obrigas asumidas (prestación de servizos, horarios...) A tal efecto entenderase que dous meses antes do fin do contrato, ante a falta de satisfacción polos servizos prestados polo adxudicatario, a Confraría poderá comunicar ao mesmo a resolución do contrato, sen compensación ou contrapartida algunha entre as partes, en cujio caso o adxudicatario quedaría asimesmo libre das súas obrigas e lle serían restituídas todas fianzas ou avais (salvo a parte que, no seu caso, poidera cubrir posibles desperfectos producidos durante o período de contrato).

O horario da explotación será fixado de común acordó, con estricto condicionamento ao que para tal actividade estableza a legalidade vixente e sempre en armonía cos intereses e horarios da lonxa de Testal, a este respecto requirirase o servizo de cafetería e de restaurante encontre aberto como mínimo mentras así o esté a lonxa, a saber:

HORARIOS: luns a xoves de 08:00 a 19:00 horas, así como os venres de Decembro que haxa actividade de venda en lonxa.

Resto de Venres 10:00 a 18: horas.

Admitiranse outros horarios sempre que respeten o horario de apertura da lonxa.

As especias características da cafetería, explican a necesidade de fixar unha serie de premisas e condicións que habrán de cumprirse, a saber:

A cafetería emplazase na local anexo á lonxa de Testal que explota a Confraría mediante concesión administrativa outorgada pola Autoridade Portuaria de Galicia en data 30/06/2019, polo que o adxudicatario debe someterse ás condicións de dita concesión, que manifesta coñecer, neste aspecto calquer modificación do mobiliario existente, queda sometido á consideración e aprobación expresa e por escrito da entidade concedente.

#### CAFETERIA

O adxudicatario poderá elaborar unha carta de prezos libre dacordo co seu propio criterio, pero deberá consensualos co concedente (confraría). Deberá ter obrigatoriamente un menú do día a prezos razoables.

Para estes servizos esixirase profesionalidade e estricta suxeción á normativa vixente.

O persoal deberá encontrarse regulamentariamente contratado e asegurado, o adxudicatario dará conta do cumprimento de tales obrigas coa presentación dos documentos que o acrediten (contratos de traballo, boletíns de cotización...). Será de exclusiva responsabilidade do adxudicatario/a calquer incumprimento da legalidade vixente e responderá de cantas infraccións se deriven do exercicio da actividade.

ASimesmo, será de conta do adxudicatario/a calquer tipo de arbitrio, imposto, obriga social, laboral, saúde laboral ou de seguridade que sean consecuencia da actividade, sin que a Confraría ou Autoridade portuaria sexan responsables do seu cumprimento.

Calquer iniciativa distinta da aquí expresada deberá ser posta en coñecemento de dita entidade, antes da súa implantación ou posta en marcha.

Na identificación de calquer artigo ou servizo da cafetería fará figurar o seu nome e apelidos ou razón social, como titular da explotación en todas as relacións, documentos suscritos con terceiros relativos a ditos servizos, sin que en ningún caso, salvo autorización expresa da Confraría, poida facer vales o seu contrato con esta, de forma que poder dar lugar a dúbidas ou interpretacións respecto á persoa con quen contrata.

##### 5. Zonas de prestación dos servizos.

Os servizos polos que se convoca esta oferta refírense exclusivamente á cafetería mencionada.

O resto de zonas non están incluídos expresamente como zonas de explotación, podendo acceder aos baños existentes no anexo á lonxa.

A cafetería será de acceso público.

## 6 Prezo do arrendamento

En concepto de arrendamento das instalacións para a prestación do servizo de cafetería, o adxudicatario/a ofertará un prezo de renda anual non inferior a 6000 euros+ IVE/ano, que se fará efectivo na forma que as partes establezan, pagadeiras mensualmente nos primeiros 5 días do mes dende a firma de contrato. Dita cantidade actualizarase ao finalizar o 1º ano de contrato coa subida correspondente do I.P.C.

Será por conta do adxudicatario a suscripción dunha póliza de seguro por incendio, roubo e danos, incluídos accidente e danos a terceiros, con capitais acordados ca Confraría.

## 7. Compromisos e obrigas do adxudicatario.

Prestar servizos de cafetería durante as horas de apertura ao público ou ben fora destas horas si así é concertado e autorizado preceptivamente.

Dito servizo ofrecerase ca garantía suficiente de calidade e hixiene, conforme á legalidade vixente.

Todo o que non se inclúa nos anexos I e II, e que sexa necesario ter para poder desenrolar as actividades cedidas neste contrato será por conta do concesionario, que se obriga a mantelas condicións, servizos e instalacións en óptimas condicións de uso e legalidade.

O adxudicatario comprométese a que ao finalizar o contrato as instalacións e material diverso cedido esté en perfecto estado de uso.

Mantelas en condicións óptimas de limpeza o recinto da cafetería e no seu caso as zonas que se usen.

As obrigas específicas do adxudicatario serán as seguintes:

- 1.- Prestalos servizos obxecto do contrato con dilixencia e eficacia, de forma xeral, sin que teña lugar ningún tipo de discriminación no acceso ao servizo.
2. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario/a non poderá interrumpir a prestación dos servizos, salvo en caso de folga laboral, ou causa de forza maior debidamente xustificada.
- 3.- Destinar á prestación dos servizos todos os medios materiais e humanos previstos na súa oferta e aqueles que constaran no correspondente contrato.

4. O adxudicatario/a non poderá ceder, subcontratar ou traspasar funcións ou cometidos designados dentro dos servizos, nin aun parcialmente, sin que a propia entidade concedente teña coñecemento e o autorice expresamente por escrito.
5. Dispoñer dun Libro e follas de Reclamacións a disposición dos clientes que o soliciten para acusar recibo de todas aquelas queixas que puidesen formular os usuarios por razón do servizo, das que dará inmediata conta á entidade concedente.
- 6 Coidala presenza e conservación das instalacións, maquinaria, mobiliario e demais equipos empregados nos servizos co maior esmero, dando sempre unha imaxe de pulcritude e eficacia.
- 7.- Facilitar en todo momento a laboura de inspección da confraría, con aportación de documentos que se requiran, datos de interese e con aclaracións pertinentes.
- 8.- Cumplir cos traballadores as disposicións legais de prevención de riscos laboráis, que serán sempre de súa exclusiva responsabilidade.
- 9.- Observar en todo momento unha conducta de respecto e absoluta corrección no trato cos clientes e os visitantes como co persoal ao seu servizo.
10. Responder de toda indemnización civil por danos ou accidentes que ocasionen os operarios, vehículos ou instrumentos de traballo empregados nos servizos.
11. Asimesmo o adxudicatario/a será responsable ante a entidade concedente das faltas que cometan os seus traballadores e que teñan transcendencia ante terceiros, e quedará obrigado ao resarcimento dos danos que se causen con motivo da defectuosa prestación dos servizos.

#### 8 Dereitos do adxudicatario.

Recibilo oportuno asesoramento da entidade concedente para resolvelas cuestión que poideran representar unha traba ou impedimento na debida prestación de servizos.

Dereito de preferencia respecto á prestación de servizos de cafetería e restauración para os empregados da entidade.



## 9.- Garantía e seguros.

Con anterioridade á formalización e sinatura do pertinente contrato, a adxudicataria deberá constituir unha fianza ou aval bancario equivalente a dúas mensualidades IVE excluído) en concepto de garantía que lle serán devoltas no seu caso á finalización do mesmo e devolva as instalacións no mesmo estado de conservación e limpeza que lle sexan entregadas.

O arrendatario/a suscribirá, previamente á sinatura do contrato de arrendamento, un seguro de R. Civil, incendios, danos ao edificio por importe a consensuar ca Confraría, o importe deste seguro actualizarase e responderá alomenos en función do valor que a Autoridade Portuaria asigne ao edificio. No prazo dun mes dende a sinatura do contrato o adxudicatario/a xustificará a póliza definitivado seguro e a alta correspondente no imposto de actividades económicas IAE e anualmente a súa renovación e pagamento de ambos.

## 10. Rescisión do contrato.

O incumprimento grave e inxustificado polo adxudicatario de calquera das cláusulas do presente prego no relativo a normas, compromisos e obrigas en particular, dos referidos na cláusula sétima, mediadas dúas advertencias previas por escrito, poderá constituir motivo de rescisión do contrato pola entidade concedente, No eventual caso de tal incumprimento, a Confraría reservase o dereito a percibir, en concepto de indemnización:

- a) Un 75% do importe da fianza depositada si a rescisión por incumprimento se produxera antes de finalizalo primeiro ano de contrato.
- b) Un 50% do importe da fianza depositada , si o fixera antes de finalizalo segundo ano ou posteriores.

No caso de que o prestatario decidirá propoñela rescisión do contrato con anterioridade á data de vencemento do mesmo ou de calquera das súas prórrogas, a entidade concedente reservase o dereito a percibir, en concepto de compensación, de xeito análogo ao párrafo anterior:

- a) Un 75% do importe da fianza depositada si a rescisión se produxera antes de finalizalo primeiro ano de contrato
- b) Un 50% do importe da fianza depositada si o fixera antes de finalizar o segundo ano ou posteriores.

En todo caso a rescisión anticipada do contrato deberá ser solicitada con unha antelación de dous meses. Exceptuaranse as indemnizacións por rescisión anticipada do contrato cando ésta sexa de mutuo acordó entre ambas partes.

### 11. Adxudicación

A Confraría reservase o dereito de adxudicación ao ofertante que considere máis conveniente tras acadar máis puntuación trala baremación da súa oferta, e incluso deixar deserto este concurso.

Non se considerarán as ofertas que non cumpran estrictamente co regulado neste prego de bases.

Valoración das ofertas:

- |   |                  |
|---|------------------|
| .- Oferta económica                             | de 1 a 3 puntos. |
| .- Experiencia profesional                      | de 1 a 3 puntos. |
| .-Proxecto técnico                              | de 1 a 3 puntos. |
| .-Creación de emprego                           | de 1 a 3 puntos. |
| .- Melloras introducidas                        | de 1 a 3 puntos. |
| .-Valoración directiva                          | de 1 a 3 puntos. |
| .- vinculación co sector marítimo ata 1º grado. | De 1 a 3 puntos. |

Máxima puntuación posible 21 puntos

## A Confraría